



Formación profesional

Programación das actividades asociadas á contorna laboral

Centro educativo

Código	Centro	Curso académico
32009189	CPR – RAMON MARIA DEL VALLE-INCLAN (OURENSE-OURENSE)	2019/2020

Ciclo formativo

Código	Nome
CBEOC01	REFORMA E MANTEMENTO DE EDIFICIOS

Alumnado

Réxime	Modalidade	Grupo
XERAL ORDINARIO	TELEMÁTICA/PRESENCIAL	2º CURSO DE GRAO BÁSICO

Docente (se procede, indicar o nome e os apelidos da persoa titora do grupo)

Nome e apelidos
BEATRIZ PÉREZ PUENTES

Resolución do 23 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se adoptan medidas excepcionais no desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo e nas ensinanzas de réxime especial.



Introdución e contextualización

Este documento establece determinadas directrices xerais para a organización, desenvolvemento e avaliación do Proxecto de 2º Curso de Formación Profesional Básica (FPB) de Reforma e Mantemento de Edifícios do Colexio Ramón Mª del Valle-inclán de Ourense. Se planea un proxecto como solución ao módulo MP3089 de Formación en Centros de Traballo (FCT) na convocatoria de xuño de 2020.

Este módulo profesional contribúe a completar as competencias e os obxectivos xerais propios do título de técnico básico en Reforma e Mantemento de Edifícios. Así mesmo, ten por obxecto a integración das diversas capacidades e coñecementos que aparecen no currículo do ciclo formativo, e que os alumnos deberán incorporar utilizando as variables tecnolóxicas e organizativas relacionadas co título.

Os obxectivos do proxecto

- Realizar as operacións básicas de albanaría ou de reforma e mantemento básico de edificios respectando as boas prácticas e as normas de seguridade.
- Realizar distintos traballos de albanaría, colaborando nos traballos de abastecemento de materiais, acondicionamento de soportes e preparación de pastas, seguindo as instrucións recibidas. Os traballos son:
 - o Realizar gornecementos e revocaduras a boa vista de paramentos.
 - o Pintar paramentos e outras superficies, ao tempero ou ao plástico.
 - o Colocar papeis pintados en paramentos.
 - o Colocar molduras e falsos teitos, continuos ou de placas.
- Actuar conforme as normas de prevención e riscos laborais da empresa.
- Actuar de xeito responsable e integrarse no sistema de relacións técnico-sociais da empresa.

Especificacións das actividades a realizar

(Referencia a un proceso produtivo real ou simulado específico do campo profesional asociado ao ciclo formativo)

As actividades a realizar pretenden ser as necesarias para acadar os obxectivos da FCT:

- Realizar as operacións básicas de reforma e mantemento básico de edificios respectando as boas prácticas e as normas de seguridade.
- Realizar distintos traballos de albanaría, colaborando nos traballos de abastecemento de materiais, acondicionamento de soportes e preparación de pastas, seguindo as instrucións recibidas. Os traballos son:
 - o Realizar gornecementos e revocaduras a boa vista de paramentos.
 - o Pintar paramentos e outras superficies, ao tempero ou ao plástico.
 - o Colocar papeis pintados en paramentos.
 - o Colocar molduras e falsos teitos, continuos ou de placas.
- Actuar conforme as normas de prevención e riscos laborais.
- Actuar de xeito responsable.

O Proxecto:

Será unha proposta de Reforma Básica do andar dunha vivenda ou dun apartamento, tendo en conta soamente os traballos de albanaría de competencia dentro deste ciclo formativo, materiais necesarios, ferramentas e normas de seguridade. Traballarán coas ferramentas dixitais que



teñen a súa disposición e co asesoramento en todo momento do equipo docente e do titor.

Realizar unha memoria do proxecto.

Realizar unha breve exposición oral do proxecto diante do tribunal composto por 3 membros do claustro de profesores.

Actividades a desenvolver polo alumnado, xunto coa coordinación e participación do profesorado

O alumnado terá que entregar ou explicar semanalmente o seu traballo, para a súa revisión polo equipo docente e o titor, que traballarán de maneira coordinada.

A entrega terá lugar a través de correo electrónico. A explicación dos seus logros, avances ou erros se fará por medio de vídeo - conferencia co alumnado de forma individual.

Tamén poderán expor as dúbidas que lles vaian xurdindo, a medida que desenvolven o seu proxecto, polos medios xa establecidos.

Especificación detallada do conxunto de actividades e tarefas a realizar polo alumnado

(Indicando as que deben realizar de forma individual ou en grupo)

ESPECIFICACIÓN DETALLADA DO PROXECTO:

Debido a situación de confinamento que estamos a vivir polo Estado de Alarma na crise do coronavirus se propón que cada alumno aborde un proxecto de reforma para a vivenda na que se atopa confinado. Se a vivenda consta de máis de un andar, escollerase reformar aquel andar con máis variedade de estancias distintas (cociña, baño, cuartos...).

O desenvolvemento do proxecto se fará de maneira individual e se dividirá nos seguintes bloques:

Bloque 1

Plano - esbozo feito a lapis do estado actual da vivenda. Ha de incluír minimamente un esbozo completo da planta así como unha sección vertical do andar, debidamente acoutados e realizados a escala 1:100.

Equipo de medición.

Bloque 2

Realización dunha infografía ou vista en 3D do proxecto reformado da vivenda en dixital empregando un programa de deseño e decoración de casas en 3D gratuito tipo *HomebyMe*, baixo as seguintes especificacións:



- Respetar as cotas do estado inicial da vivenda e os traballos de fontanería previos, pero podendo modificar calquera división de tabiquería interna para a creación de novos espazos ou mellora dos anteriores.
- Non se terán en conta a situación dos elementos estruturais. O alumno ha de saber que de levar o seu proxecto a un proxecto real o técnico que aborde a reforma terá en conta os soportes, pero na realización deste proxecto non se esixirá a súa análise, xa que se atopa fóra da súa competencia.
- Vistas do plano en 2D e da sección do proxecto reformado.

Bloque 3

Para cada unha das estancias reformadas se fará o seguinte traballo:

- Vista 3D da estancia, que se sacará da realización do punto anterior.
- Memoria de calidades en canto a elección do teito, do chan e dos revestimentos dos paramentos verticais.
- Para a decoración dos paramentos verticais e horizontais será obrigatorio que entre todas as estancias da vivenda algunha leve:
 - Pintura plástica
 - Pintura ao tempero
 - Papel pintado
 - Falso teito e moldura
- Para cada un dos materiais empregados nos revestimentos dos paramentos horizontais e verticais quedarán debidamente claras as seguintes especificacións:
 - Descrición detallada do material
 - Proveedor de material dentro do catálogo de provedores nacionais acreditados para os distintos materiais de construción.
 - Detalle da embalaxe do material facilitada polo proveedor.
 - Unidades necesarias de material para a nosa vivenda.
 - Indicación do factor de desperdicio se fose necesario, e a adaptación das unidades necesarias para o proxecto ás unidades de compra do proveedor.
 - Ferramentas necesarias para a súa aplicación – colocación, así como o pequeno material.
- Medidas de prevención de riscos a ter en conta para a colocación dos distintos revestimentos.

Bloque 4

Estimación da valoración material. Orzar os materiais segundo as unidades de compra.

RECOMENDACIÓNS:

- Establecer unha cronoloxía inicial, identificando as tarefas que se van a realizar ao longo do tempo e a duración estimada das mesmas.
- Control de tarefas planificadas semanais e control de tarefas completas.
- Gardar planos, debuxos, fotografías ou os materiais que consideren oportunos. Levar un cartafol tanto no ordenador como físico con toda a información e material necesario para o desenvolvemento do proxecto.
- Control de versións actualizadas e antigas de cada documento realizado.



Horarios previstos para as actividades de tutoría, seguimento, canles de comunicación.

- Todos os luns, as 9 da mañá establecerase conexión con todos os alumnos do proxecto a través de vídeo - conferencia ou correo electrónico, (os venres enviaran o proxecto a titora), para orientar, dirixir e asesorar na toma de decisións que afecten a estrutura, contido, etc.
- A través do correo electrónico ou por teléfono, poderán comunicarse ca titora para resolver calquera dúbida que se lles presente.
- A titora resolverá as dúbidas en horario de mañá de 9:00h. a 13:00h. e pola tarde de 17:00h. a 20:00h.

Prazo e formato de entrega das actividades

Prazos
<p>Desenvolvemento do traballo e da memoria do Proxecto:</p> <ul style="list-style-type: none">• Dende o día 07-05-2020 ata o 15-06-2020. <p>Exposicións orais:</p> <ul style="list-style-type: none">• Marcarase a data entre o 16-05-2020 ata o 19-05-2020. <p>Faranse revisións periódicas obrigatorias, indicando as correccións correspondentes:</p> <ul style="list-style-type: none">• 1ª Revisión 15-05-2020.• 2ª Revisión 29-05-2020.• 3ª Entrega final ANTES DO 16-06-2020, ás 12:00 horas
Formato
<p><u>Estrutura da memoria do proxecto</u></p> <ul style="list-style-type: none">• Portada. Deberá conter título do proxecto, nome do alumno, curso, grupo, módulo e data de entrega.• Índice de títulos. Deberá coincidir o índice coa páxina.• Introducción. Descrición xeral do proxecto sobre a vivenda e marco legislativo.• Obxectivos do Proxecto. Descrición do que se quere alcanzar co proxecto, escríbese sempre en infinitivo.• Desenvolvemento/ Resultados do proxecto:<ul style="list-style-type: none">○ Instrumentación e metodoloxía empregada, tanto dixital como analóxica.○ Análise de cada un dos bloques contido obrigatorios que se propoñen para a avaliación expostos no punto 4.• Conclusións. Dificultades coas que se atopou o alumno para o desenvolvemento do



proxecto, así como unha valoración cualitativa do traballo feito e unha proposta de liñas de mellora.

- Bibliografía. Non é preciso facer citas bibliográficas. Só nomear debidamente as fontes de información empregadas.
- Anexos: planos 2D, seccións, vistas 3D, fotografías e similares.

Extensión mínima de entre 20 e 30 páxinas (sen contar portada, contraportada, índice, bibliografía, ou follas que separen os distintos apartados que puidesen existir no proxecto).

Edición de texto:

- O formato da folia será DIN-A4, tipo de letra será Arial tamaño 12 para todo o traballo, salvo nos títulos ou índices que poderá ser maior, pero gardando a estética co contido.
- As marxes deberán estar entre 2,5 e 3 cm. e o entreliñado de 1,5 liñas.
- A numeración da páxina será na parte inferior dereita.
- A portada, non vai numerada.
- A aliñación do texto deberá estar xustificada, a excepción das enumeracións, listas ou táboas, que poderán estar como o alumno considere.
- Deberá ser entregado escrito a ordenador*, preferiblemente impreso e debidamente encadernado (espiral). Non sendo este un requisito imprescindible, aceptaranse igualmente traballos que non estean impresos.

Idioma

Tanto a realización do proxecto, coma a exposición do mesmo poderase facer en galego ou en castelán, podendo presentarse algunha das partes en inglés.

**Nota: Todos os alumnos que están a facer o proxecto dispoñen de cadanseu ordenador. Nos casos de non ser así, o centro encargouse de facilitarlle un portátil. Todos os alumnos teñen conectividade.*



Mínimos esixibles para acadar a avaliación positiva e criterios de cualificación

Mínimos esixibles
<ol style="list-style-type: none">1. Realización polo menos do 75% dos puntos obrigatorios do traballo.2. Realización da memoria incluíndo como mínimo os apartados seguintes:<ol style="list-style-type: none">a. Portadab. Índicec. Introducciónd. Obxectivose. Desenrolof. Conclusiónsg. Bibliografía3. Presentarse o día da exposición oral.
Criterios de cualificación
<p>O alumno obterá a cualificación de APTO ou NON APTO no módulo da FCT segundo artigo 26.2 da Orde do 12 de xullo do 2011.</p> <p>Para considerase APTO, deberá obter:</p> <ol style="list-style-type: none">1. Validación positiva do titor.2. Validación positiva do tribunal. <p>O uso fraudulento do proxecto de outros como si de un mesmo se tratara e coa intención de aproveitalo en beneficio propio implicará a cualificación de NON APTO no módulo da FCT</p>



Formación profesional

Programación das actividades asociadas á contorna laboral

Centro educativo

Código	Centro	Curso académico
32009189	CPR – RAMON MARIA DEL VALLE INCLAN	2019/2020

Ciclo formativo

Código	Nome
CBADG01	SERVIZOS ADMINISTRATIVOS

Alumnado

Réxime	Modalidade	Grupo
XERAL ORDINARIO	PRESENCIAL	

Docente (se procede, indicar o nome e os apelidos da persoa titora do grupo)

Nome e apelidos
FRANCISCO JAVIER VILAMEÁ MARTÍNEZ

Resolución do 23 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se adoptan medidas excepcionais no desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo e nas ensinanzas de réxime especial.



Introdución e contextualización

Segundo a citada Resolución do 23 de abril de 2020 e de acordo co artigo 2 apartado 1 referente á realización da Formación en Centros de Traballo (FCT) no período ordinario, o CPR RAMON MARIA DEL VALLE-INCLAN adoita, substituír a Formación en Centros de Traballo pola realización dun proxecto fin de ciclo co fin de completar os obxectivos ciclo formativo:

- Realizar tarefas administrativas e de xestión básicas, con autonomía, responsabilidade e iniciativa persoal, operando coa calidade indicada.
- Cumprir as normas ambientais, de seguridade e de hixiene no traballo.
- Comunicarse de xeito oral e escrito en linguas galega e castelá, así como nalgunha lingua estranxeira

Por tal motivo, os alumnos deberán elaborar un proxecto individual realizando as actividades que se especifican no seguinte punto.

Especificacións das actividades a realizar

(Referencia a un proceso produtivo real ou simulado específico do campo profesional asociado ao ciclo formativo)

- Delimitar xeograficamente a contorna sobre a que van a facer o estudo.
- Analizar os distintos sectores profesionais que hai nesa área, prestando especial atención ás empresas relacionadas coa súa especialidade formativa.
- Analizar as tarefas que realiza o persoal administrativo.
- Valorar os riscos que ten para a saúde dos traballadores o desempeño destas tarefas.
- Analizar os medios técnicos precisos no desenrolo da súa actividade.
- Analizar para que tarefas, o alumno, se considera que está cualificado pola súa formación académica.
- Analizar como consideran que evolucionará o sector no futuro debido a influencia das novas tecnoloxías
- Especificar, podendo apoiarse nun cronograma, o tempo que lles levou facer cada unha das actividades do proxecto
- Realizar unha breve exposición oral do proxecto diante do tribunal, composto por 3 membros do claustro de profesores.

Actividades a desenvolver polo alumnado, xunto coa coordinación e participación do profesorado

De xeito global, o alumnado terá que entregar ou explicar en conexións semanais (videoconferencia) o traballo que foi realizando ao longo da semana, plantexando as dúbidas e dificultades que poida ter e explicando os avances.

De xeito particular enviar as suxerencias ou dúbidas que se lle plantexen a fin de poder solucionarlles.

A medida que vaian avanzando de xeito coordinado entre o titor e o alumno iranse marcando as directrices para a súa continuación.



Especificación detallada do conxunto de actividades e tarefas a realizar polo alumnado

(Indicando as que deben realizar de forma individual ou en grupo)

- O primeiro que deberá facer o alumno, será delimitar a contorna sobre a que vai facer o estudo, podendo describir as características, xeográficas, demográficas, sociais, culturais, ou de calquera outra índole que considere oportunas.
- Dentro desta área, haberá que analizar os tipos de empresas que hai e a que sectores profesionais pertencen, apoiándose preferiblemente en gráficos para unha representación visual dos datos.
- Dentro de cada sector profesional, poderase facer un recuento/análise do número de empresas de cada un deses sectores.
- Analizar, segundo a cantidade de empresas, que proporción se dedican ao noso sector (Administración e Xestión) e establecer un cociente /ratio entre as empresas e as que lle prestan ou poden prestar os seus servizos. Cantas dispoñen do seu propio departamento de administración e non precisan, ou precisan en menor medida dos servizos das empresas de administración e xestión.
- Collendo como referencia unha empresa de xestión administrativa, ou un departamento de xestión dunha gran empresa, detalla as funcións que este persoal realiza, cales son as datas con maior picos de traballo e cales con menos analizando as causas deste feito.
- Determinar segundo a Lei de Prevención de Riscos Laborais, cales son os riscos aos que están expostos os traballadores deste sector e como corraxir ou reducir as enfermidades profesionais derivadas da súa actividade profesional, así como identificar cales son estas enfermidades e as consecuencias que teñen para a súa saúde.
- Identifica dentro das tarefas que se realizan, para cales consideras que estás capacitado e para cales non, xustificando a resposta e sacando as túas propias conclusións.
- Identifica que ferramentas consideras importantes no desenvolvemento da súa actividade (programas informáticos) facendo unha descrición das mesmas e para que tarefas se empregan.
- Describe como imaxinas, que evolucionará este sector no futuro debido ao avance das novas tecnoloxías.
- Se é posible, ver a evolución ao longo dos últimos anos das empresas (ou dalgunha en concreto) no territorio sobre o que estás facendo o proxecto fixándose se hai incremento ou decrecemento das mesmas e como foron evolucionando

Recomendacións:

- Definir o proxecto especificando cales son os obxectivos, recursos e tempo que se vai adicar á súa realización.
- Dividir o traballo en fases.
- Establecer un cronograma inicial, identificando as tarefas que se van a realizar ao longo do tempo e a duración estimada das mesmas.
- Establecer un cronograma real (diario), coas tarefas que se están a facer para despois avaliar a desviación con respecto ao cronograma inicial.
- Adxuntar/achegar, mapas, fotos, debuxos ou os materias que consideres oportunos.

Nota: tódalas tarefas faranse de xeito individual



Horarios previstos para as actividades de tutoría, seguimento, canles de comunicación.

- Todos os xoves ás 11 da mañá establecerase unha videoconferencia cos 8 alumnos que están a realizar o proxecto, para facer o seguimento desa semana.
- A través do correo electrónico, poderán comunicarse co titor cando sexa preciso e enviarlle a documentación para que poida ser corrixida. (Tamén dispoñen do whatsapp do titor que poden usar de xeito mais ocasional).
- A o longo da semana, os correos e mensaxes recibidas serán respondidos, sen un horario concreto, preferiblemente de mañá entre as 9 e as 15 horas.

Prazo e formato de entrega das actividades

Prazos
Faranse revisións periódicas, indicando as correccións correspondentes. <ul style="list-style-type: none">- 1ª Revisión 15-05-2020.- 2ª Revisión 29-05-2020.- 3ª Entrega final ANTES DO 16-06-2020, ás 12:00 horas
Formato
<ul style="list-style-type: none">- A portada deberá conter título do proxecto, nome do alumno, curso, grupo, módulo e data de entrega.- O formato da folia será DIN-A4, tipo de letra será Aria tamaño 12 para todo o traballo, salvo nos títulos ou índices que poderá ser maior, pero gardando a estética co contido.- As marxes deberán estar entre 2,5 e 3 cm. e o entreliñado de 1,5 liñas.- A numeración da páxina será na parte inferior dereita.- A portada, non vai numerada.- A aliñación do texto deberá estar xustificada, a excepción das enumeracións, listas ou táboas, que poderán estar como o alumno considere.- Os demais ficheiros que fosen precisos para a xustificación e presentación do proxecto deberán ser entregados en formato dixital, gardados no soporte que se considere mais axeitado (CD, DVD, PenDrive, etc.)- Deberá ser entregado escrito a ordeador*, preferiblemente impreso e debidamente encadernado (espiral). Non sendo este un requisito imprescindible, aceptaranse igualmente traballos que non estean impresos.
Idioma
Tanto a realización do proxecto, coma a exposición do mesmo poderase facer en galego ou en castelán, podendo presentarse algunha das partes en inglés. <i>*Nota: Todos os alumnos que están a facer o proxecto dispoñen de cadanseu ordeador. Nos casos que non era así, o centro encargouse de facilitárllelo</i>



Mínimos esixibles para acadar a avaliación positiva e criterios de cualificación

Mínimos esixibles

O proxecto deberá ser entregado escrito a ordeador e conter como mínimo os seguintes apartados:

- 1.- Portada
- 2.- Índice
- 3.- Introducción
- 4.- Obxectivos
- 5.- Desenrolo
- 6.- Conclusións
- 7.- Bibliografía

Dentro do desenrolo do proxecto o contido mínimo será:

- 1.- Delimitación xeográfica da contorna.
- 2.- Reconto aproximado das empresas desa contorna
- 3.- Detallar as funcións que debe realizar o persoal administrativo
- 4.- Indicar algúns riscos laborais do persoal administrativo
- 5.- Especificar o tempo que lles levou facer as distintas actividades do proxecto

En canto á dimensión, o tamaño mínimo será de 20 páxinas. Sen contar portada, contraportada, índice, bibliografía, ou follas que separen os distintos apartados que puidesen existir no proxecto

Criterios de cualificación

O alumno obterá a cualificación de APTO ou NON APTO no módulo da FCT segundo artigo 26.2 da Orde do 12 de xullo do 2011.

Para considerase APTO, deberá obter:

1. Validación positiva do titor.
2. Validación positiva do tribunal.



Formación profesional

Programación das actividades asociadas á contorna laboral

Centro educativo

Código	Centro	Curso académico
32009189	CPR – RAMON MARIA DEL VALLE INCLAN	2019/2020

Ciclo formativo

Código	Nome
CMADG01	Xestión administrativa

Alumnado

Réxime	Modalidade	Grupo
XERAL ORDINARIO	TELEMÁTICA/PRESENCIAL	2º C. CM DE XESTIÓN ADMINISTRATIVA

Docente (se procede, indicar o nome e os apelidos da persoa titora do grupo)

Nome e apelidos
AUREA DE NICASIO GARCÍA

Resolución do 23 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se adoptan medidas excepcionais no desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo e nas ensinanzas de réxime especial.



Introdución e contextualización

Este documento establece determinadas directrices xerais para a organización, desenrolo e avaliación do Proxecto de 2º Curso do Ciclo de Grao Medio de Xestión Administrativa do CPR Ramón Mª del Valle - Inclán de Ourense, segundo a citada Resolución do 23 de abril de 2020 e de acordo co referente a realización da FCT que adoita substituíla por un proxecto.

Así mesmo ten por obxecto a integración das diversas capacidades e coñecementos que aparecen no currículo do ciclo formativo, e que os alumnos deberán incorporar utilizando as variables tecnolóxicas e organizativas relacionadas co título, actuando con autonomía e responsabilidade.

Teñen que facer unha análise do contexto, recompilando a información necesaria para detectar necesidades e facer un estudo de viabilidade.

A superación deste módulo será necesaria para obter o título de Técnico en Xestión Administrativa.

Especificacións das actividades a realizar

(Referencia a un proceso produtivo real ou simulado específico do campo profesional asociado ao ciclo formativo)

A creación dunha empresa onde a idea de negocio e o plan de empresa son o punto de partida de todo proxecto empresarial:

- Terán que describir, os produtos ou servizos.
- Facer un estudo de mercado.
- Deberán indicar as estratexias de marketing a seguir.
- Elixirán a organización.
- Un plan económico e financeiro.

Unha vez feito o anterior, xa empezará a posta en marcha da empresa, con todos os requisitos esixidos.

Para todo isto terán que facer un traballo de investigación coas ferramentas que teñen a súa disposición e co asesoramento en todo momento do equipo docente e do titor.

Realizar unha breve exposición oral do proxecto diante do tribunal composto por 3 membros do claustro de profesores.

Actividades a desenvolver polo alumnado, xunto coa coordinación e participación do profesorado

O alumnado terá que entregar ou explicar, semanalmente, o seu traballo, para a súa revisión



polo equipo docente e o titor, que traballarán de maneira coordinada.

A entrega terá lugar a través de correo electrónico. A explicación dos seus logros, avances ou erros se fará por medio de vídeo - conferencia co alumnado.

Tamén poderán expor as dúbidas que lles vaian xurdindo, a medida que desenvolven o seu proxecto, polos medios xa establecidos.

Especificación detallada do conxunto de actividades e tarefas a realizar polo alumnado

(Indicando as que deben realizar de forma individual ou en grupo)

- O punto de partida para a creación dunha empresa e a idea de negocio, xa que son moitos factores o que levan a unha persoa a inclinarse por un negocio en concreto. Con carácter xeral pode vir determinada por algún dos seguintes factores:
 - Oportunidade de negocio en mercados pouco abastecidos, de nova creación o con un alto potencial de crecemento.
 - Coñecementos técnicos sobre mercados, sectores ou negocios concretos.
 - Simplicidade do negocio.
- Unha vez definida a idea negocio e antes de entrar no análise do Plan de Empresa, convén cos promotores que expoñan algunhas cuestións:
 - Trátase dunha idea realista?
 - É viable tecnicamente e economicamente?
 - É rendible?
- Obxectivos do proxecto empresarial e presentación dos promotores:
 - Definición das características xerais do proxecto.
 - Resumo do proxecto: inversión total, recursos propios e alleos, proxección das vendas, resultados estimados, localización...
 - Presentación dos promotores: forma, experiencia empresarial...
- A actividade da empresa, o produto, o servizo:
 - Definición das características do produto ou servizo.
 - Mercado ao que vai dirixido e necesidades que cubre.
 - Características diferenciadoras, respecto aos produtos da competencia.
- O mercado: As estratexias do Márketing, canles de distribución, publicidade, prezos, marxes comerciais...
- Organización: recursos humanos, recursos materiais, inversións, financiación....
- Plan económico e financeiro a dous anos.



- Posta en marcha da actividade. Forma xurídica, obrigacións legais, laborais e fiscais.
- RECOMENDACIÓNS
 - Establecer un cronograma inicial, identificando as tarefas que se van a realizar ao longo do tempo e a duración estimada das mesmas.
 - Establecer un cronograma diario cas tarefas que están a facer para poder avaliar a desviación en relación ao cronograma inicial.
 - Achegar mapas debuxos ou os materias que consideren oportunos

Horarios previstos para as actividades de titoría, seguimento, canles de comunicación.

- Todos os luns, as 9 da mañá establecerase conexión con todos os alumnos do proxecto a través de vídeo - conferencia ou correo electrónico, (os venres enviarán o proxecto a titora), para orientar, dirixir e asesorar na toma de decisións que afecten a estrutura, contido , etc.
- A través do correo electrónico, poderán comunicarse co titor para resolver calquera dúbida que se lles presente.
- O titor resolverá as dúbidas en horario de mañá de 9:00h. a 13:00h. e pola tarde de 17:00h. a 20:00h.

Prazo e formato de entrega das actividades

Prazos
Desenvolvemento do traballo e da memoria do Proxecto: <ul style="list-style-type: none">▪ Dende o día 07-05-2020 ata o 15-06-2020.
Exposicións orais: <ul style="list-style-type: none">▪ Marcarase a data entre o 16-05-2020 ata o 19-05-2020.
Faranse revisións periódicas, obrigatorias, indicando as correccións correspondentes: <ul style="list-style-type: none">- 1ª Revisión 15-05-2020.- 2ª Revisión 29-05-2020.- 3ª Entrega final ANTES DO 16-06-2020, ás 12:00 horas
Formato



- A portada deberá conter título do proxecto, nome do alumno, curso, grupo, módulo e data de entrega.
- Extensión mínima de entre 25 e 40 páxinas (sen contar portada, contraportada, índice, bibliografía, ou follas que separen os distintos apartados que puidesen existir no proxecto).
- O formato da folla será DIN-A4, tipo de letra será arial tamaño 12 para todo o traballo, salvo nos títulos ou índices que poderá ser maior, pero gardando a estética co contido.
- As marxes deberán estar entre 2,5 e 3 cm. e o entreliñado de 1,5 liñas.
- A numeración da páxina será na parte inferior dereita.
- A portada, non vai numerada.
- A aliñación do texto deberá estar xustificada, a excepción das enumeracións, listas ou táboas, que poderán estar como o alumno considere.
- Deberá ser entregado escrito a ordenador*, preferiblemente impreso e debidamente encadernado (espiral). Non sendo este un requisito imprescindible, aceptaranse igualmente traballos que non estean impresos.

Idioma

Tanto a realización do proxecto, coma a exposición do mesmo poderase facer en galego ou en castelán, podendo presentarse algunha das partes en inglés.

**Nota: Todos os alumnos que están a facer o proxecto dispoñen de cadanseu ordenador. Nos casos de non ser así, o centro encargouse de facilitarlle un portátil.*



Mínimos esixibles para acadar a avaliación positiva e criterios de cualificación

Mínimos esixibles
<p>Realización polo menos do 70% dos puntos obrigatorios do traballo. Realización da memoria incluíndo como mínimo os apartados seguintes:</p> <ol style="list-style-type: none">1. Portada2.- Índice3.- Introducción4.- Obxectivos5.- Desenrolo6.- Conclusións7.- Bibliografía <p>En canto á dimensión, o tamaño mínimo será de 25 páxinas. Sen contar portada, contraportada, índice, bibliografía, ou follas que separen os distintos apartados que puidesen existir no proxecto.</p> <p>Presentarse o día da exposición oral.</p>
Criterios de cualificación
<p>O alumno obterá a cualificación de APTO ou NON APTO no módulo da FCT segundo artigo 26.2 da Orde do 12 de xullo do 2011.</p> <p>Para considerase APTO, deberá obter:</p> <ol style="list-style-type: none">1. Validación positiva do titor.2. Validación positiva do tribunal. <p>O uso fraudulento do proxecto de outros como si de un mesmo se tratara e coa intención de aproveitalo en beneficio propio implicará a cualificación de NON APTO no módulo da FCT</p>